



**EXCMO. CONCELLO DE LUGO**  
**ANUNCIO DE FORMALIZACIÓN DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

**1.- Entidade adjudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato:**

**a) Tipo de contrato:** servizos

**b) Descrición do obxecto:** O obxecto do contrato é a realización de:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.

- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.

- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partir das orientacións sinaladas neste prego.

- A redacción do proxecto básico e de execución da edificación en misión completa (con todos os proxectos específicos e o xeotécnico previo se se inclúen obras de comunicación do parking coa praza) das obras que se definan para a Praza de Abastos (nunha ou dúas fases), así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución.

- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para os investimentos que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación dos investimentos ou outras propias dos seus locais.

**3.- Tramitación e procedemento.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación:**

**a) Orzamento máximo do contrato:** O valor estimado do contrato –prezo de licitación– ascende a 80.000 euros polo que sumado o IVE de 21% (16.800 euros) resulta un presuposto total de 96.800 euros IVE incluído desglosado como segue:

- Proxecto 13UR7001 URBAN. Auditoría e medidas de eficiencia enerxética: 5.000 euros máis o IVE (1.050 euros) resultando un total de 6.050 euros.

- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 75.000 euros máis o IVE (15.750 euros) resultando un total de 90.750 euros.

Este contrato atopase cofinanciado cun 80% da unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (po feder Galicia 2007-2013), proxecto 12ur4002 urban praza de abastos e proxecto 13ur7001 auditoria e medidas de eficiencia enerxética.

**5.- Adjudicación:**

**a) Data:** 27 de decembro de 2013

**b) Contratista:** MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO S.A (MERCASA)



**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cml

Refº: ANUNCIO FORMALIZACION

Asunto: formalización

**c) Nacionalidade:** española

**d) Orzamento máximo do contrato:**


- Proxecto 13UR7001 URBAN. Auditoría e medidas de eficiencia enerxética: 4.200 euros máis o IVE (892 euros) resultando un total de 5.142 euros.

- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 63.750 euros máis o IVE (13.387,50 euros) resultando un total de 77.137,50 euros.

Este contrato atopase cofinanciado cun 80% da unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (po feder Galicia 2007-2013), proxecto 12ur4002 urban praza de abastos e proxecto 13ur7001 auditoria e medidas de eficiencia enerxética.

**6.- Data de Formalización: 24 de xaneiro de 2014**

Lugo, 7 de marzo de 2014  
O ALCALDE,  
P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA  
(Decreto nº 13008312)



Asdo. Sonia Méndez García

